

VI CONGRESO INTERNACIONAL DE AGROECOLOXÍA



"Cambiando os modelos de consumo para construír sistemas agroalimentarios sustentables"

OBXECTIVO XERAL

O VI Congreso Internacional de Agroecoloxía, con motivo do décimo aniversario do inicio desta actividade científica, queremos que supoña un punto de inflexión no seu desenvolvemento. Sendo importante a tecnoloxía innovadora para producir alimentos, o centro da nosa atención deben ser as **persoas**, as **comunidades** que comparten e as **institucións** das que forman parte para construímos de xeito inmediato novos sistemas agroalimentarios: os cambios sociais son máis espontáneos que os tecnolóxicos, e as decisións políticas son urxentes, cada vez máis. Non podemos seguir agardando a cambios tecnolóxicos salvadores: é urxente tomar xa decisións sociais, introducir cambios institucionais e políticos para solucionar problemas económicos, sociais e ambientais.

O VI Congreso Internacional de Agroecoloxía é unha chamada a científicos, movementos sociais, empresas, persoas e comunidades para compartir os procesos de innovación social, política e institucional nos que esas entidades están inseridos. Eses procesos innovadores servirán para construímos novos sistemas agroalimentarios que respondan adecuadamente aos problemas impostergábeis do cambio climático e da fame.

ÁREAS TEMÁTICAS

O Congreso está estruturado segundo tres dimensións e dez áreas temáticas.

1. DIMENSIÓN TÉCNICO-PRODUCTIVA

ÁREA TEMÁTICA 1. Manexo agroecolóxico de sistemas agrarios.

ÁREA TEMÁTICA 2. Estratexias para a conservación da biodiversidade.

ÁREA TEMÁTICA 3. Cadea agroalimentaria, distribución e conservación de alimentos.

2. DIMENSIÓN POLÍTICA

ÁREA TEMÁTICA 4. As institucións públicas como demandantes de alimentos.

ÁREA TEMÁTICA 5. Acción social e comunitaria: mobilizando recursos abandonados e construíndo solucións para a subalimentación.

ÁREA TEMÁTICA 6. Economía global e acción local.

ÁREA TEMÁTICA 7. Feminismo e Agroecoloxía.

3. DIMENSIÓN SOCIOCULTURAL

ÁREA TEMÁTICA 8. Novas formas de coñecemento e de propiedade para a sustentabilidade.

ÁREA TEMÁTICA 9. Experiencias comunitarias de desenvolvemento humano.

ÁREA TEMÁTICA 10. Ética, epistemoloxía e educación para a agroecoloxía.



Existen dúas modalidades de participación: Presentación de Experiencias e Presentación de Comunicación

PRESENTACIÓN DE EXPERIENCIAS PRODUCTIVAS E DE CONSUMO

O VI Congreso Internacional de Agroecoloxía quer constituir un espazo para a presentación de experiencias innovadoras no ámbito produtivo ou no de consumo, que se desenvolvan dentro do ámbito agroecolóxico, incluíndo as propostas de agricultura orgánica.

ENVÍO DE RESUMOS

Deberase remitir o resumo (agroecoloxia2016@uvigo.es) en arquivo de texto, cun máximo de 2 páxinas facendo constar: Autor/a; Título da Experiencia; e as seguintes cuestións: En que consiste/n a/s experiencia/s? Cales son os seus obxectivos? Como xurdiu a/s iniciativa/s? Cales son os elementos críticos e os limitantes cos que conta/n? Cal é a situación actual da iniciativa e como se ve o seu futuro?

Fecha límite: 2 de maio

Resposta do Comité Organizador: recibido o resumo, en 15 días remitírase a decisión de aceptación ou rexeitamento da presentación da experiencia.

PRESENTACIÓN DE COMUNICACIÓN

ENVÍO DE RESUMOS

Deberase remitir o resumo (agroecoloxia2016@uvigo.es) en arquivo de texto, cun máximo de 2 páxinas facendo constar: Autor/a; Título; Área Temática na que se propón incluír.

Fecha límite: 30 de marzo.

Recibido o resumo, en 15 días o Comité Científico remitirá ó 1º autor/a e-mail indicando a súa aceptación ou rexeitamento.

ENVÍO DE TEXTOS COMPLETOS

Para os resumos aceptados, os textos completos presentáranse (agroecoloxia2016@uvigo.es) en arquivo de texto cun máximo de 15 páxinas, incluídos cadros, gráficas e bibliografía: papel A4, marxes simétricas de 2,5 cm., 1,5 de interliñado e letra verdana 12.

Fecha límite: 2 de maio

Recibido o texto completo, en 15 días o Comité Científico

remitirá ó 1º autor/a e-mail indicando a súa aceptación ou rexeitamento. Nese mesmo envío indícase a forma de presentación (oral ou póster).

Nota: as normas anteriores son de obrigado cumprimento.

EDICIÓN DE MATERIAIS

Editarase libro con ISBN cunha selección das comunicacións aceptadas para a súa presentación no Congreso.

Editaranse vídeos específicos coas presentacións das experiencias produtivas e de consumo, e con algunhas comunicacións.

IDIOMAS DO CONGRESO

O idioma do congreso será o **galego**. Textos e presentacións tamén serán aceptadas en castelán, portugués e inglés.

LUGAR DE CELEBRACIÓN

Universidade de Vigo. Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Campus Universitario. Lagoas-Marco-sende.Vigo.

TAXAS DE INSCRICIÓN E DATAS

Antes do 1 de Maio

- Cota ordinaria: 60 €
- Estudantes e desempregados/as: 30 €

A partir do 1 de Maio

- Cota ordinaria: 90 €
- Estudantes e desempregados/as: 45 €

Para inscribirse coa taxa reducida será preciso presentar documento acreditativo da condición requirida. No caso de coexistir a situación de estudante coa de traballador/a tomárase en conta esta última para fixar a taxa de inscrición. A matrícula dá dereito a asistir a todas as actividades programadas, recibir os materiais do Congreso e o libro de actas con ISBN.

MODO DE REALIZAR O PAGO DA INSCRICIÓN

Matrícula desde Galicia ou Comunidade Autónoma do Estado:

Para realizar o pago da inscrición hai que facer unha transferencia á seguinte conta:

2080 5155 9730 4000 0250

Indicando no concepto ECOECOAGRO, o nome e o DNI.

Matrícula desde o estranxeiro:

Para realizar o pago da inscrición hai que facer unha transferencia á seguinte conta:

IBAN: ES31 2080 5155 9730 4000 0250

BIC: CAGLESMXXX

Indicando no concepto ECOECOAGRO, o nome e o DNI.

Despois de realizado o pago é preciso enviar copia do xustificante de pago á secretaria do Congreso a: (agroecoloxia2016@uvigo.es); fax: 986.812.401 xunto coa folia de inscrición que se pode descargar en: <http://webs.uvigo.es/economiaecologica/>.

COMITÉ CIENTÍFICO

Jesús Madera Pacheco. Universidad Autónoma de Nayarit (México)

Marta Soler Montiel. Universidad de Sevilla

Santiago Sarandón. Universidad de la Plata (Argentina).

Isabel Mourão. Escola Superior Agraria (Portugal)

Simón Pérez Martínez. Universidad Estatal de Milagro (Ecuador)

Emma Siliprandi. Universidade Internacional de Andalucía

Jorge Tavares. Universidade de Pernambuco (Brasil)

David Pérez Neira. Universidad de León

Lourenzo Fernández Prieto. Universidade de Santiago de Compostela

Manuel Delgado Cabeza. Universidad de Sevilla

Ari H. Uriartt. Emater RGS (Brasil)

COMITÉ DE ORGANIZACIÓN

David Pérez Neira. Universidad de León

Xavier Simón Fernández. Universidade de Vigo

Damián Copena Rodríguez. Universidade de Vigo

Dolores Domínguez. Universidade de Vigo

Paul Swagmakers. Universidade de Vigo



MÁIS INFORMACIÓN

Secretaría do Congreso

Teléfono: 986.812.506

Enderezo electrónico: agroecoloxia2016@uvigo.es

Páxina web: <http://webs.uvigo.es/economiaecologica/>

